



# CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

## PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES PARA A ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO MINI PUNTOS LIMPOS NO MUNICIPIO DE ORDES

### 1. OBJECTO E CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO.

O obxecto deste prego é a contratación mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, do servizo de Mini puntos limpos para a recollida de residuos de Ordes, sendo as prestacións a realizar as seguintes:

- A subministración e instalación dos mini puntos limpos na vía pública (ao inicio do contrato).
- A recollida periódica de residuos dos mini puntos limpos.
- O traslado dos residuos a xestor autorizado, sendo da súa conta o custe do traslado e o tratamento.
- O mantemento e limpeza dos mini puntos limpos.
- A retirada, de ser o caso, dos mini puntos limpos unha vez concluído o contrato.

Defínese por:

- Mini punto limpo: trátase dun colector que permite a recollida selectiva de residuos.
- Residuos: no relativo ao presente expediente considéranse os chamados residuos domésticos, segundo o artigo 3 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

O obxectivo deste servizo é achegar á cidadanía o servizo de recollida de pequenos residuos domésticos que poderían depositarse no punto limpo, pero que polo seu volume ou tamaño, soen acumularse nos fogares ou elimínanse na bolsa de lixo convencional, sen chegar a seren trasladados a estas instalacións. En definitiva, trátase de facilitar a recollida selectiva destes residuos para a súa posterior reciclaxe.

Toda vez que o Concello non dispón dos medios humanos e técnicos precisos para poder levar a cabo directamente a prestación, así como o feito de que enténdese que esta prestarase dun modo máis eficiente por unha empresa privada, xustifícase esta contratación.

O marco básico de referencia para a prestación deste servizo ven establecido pola Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, a Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, e a Ordenanza municipal de residuos urbanos, publicada no BOP nº 92, do 24/04/2009.

### 2. ORGANIZACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO.

Os servizos obxecto deste contrato prestarase nun mínimo de cinco (5) mini puntos limpos, situados en distintas zonas do solo urbano de Ordes, un deles no núcleo do Mesón do Vento. Os licitadores poderán mellorar o número de mini puntos limpos a instalar no municipio, mediante proposta de instalación e previa autorización da súa situación outorgada polo Concello.

O adxudicatario deberá instalar os mini puntos limpos cando menos nos lugares indicados no punto 5.

Igualmente deberá realizar coa frecuencia necesaria a recollida dos distintos residuos depositados en cada mini punto limpo e, trala súa pexase e cuantificación, os trasladará a xestor autorizado para o seu tratamento ou valorización. Como mínimo esta recollida realizarase cunha frecuencia mensual.

En todo caso a adxudicataria deberá realizar a recollida de residuos cando algún dos depósitos estea ocupado nun 90%.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

O adxudicatario realizará coa frecuencia necesaria a limpeza e mantemento dos mini puntos limpos. Este servizo inclúe: lavado interior e exterior do recipiente, retirada de adhesivos e carteis non autorizados, limpeza de grafitis ou pintadas, substitución de cristais e pezas rotas, reparacións dos recipientes, reinstalación no caso necesario.

Unha vez rematado o contrato, e sempre e cando o adxudicatario non ceda os colectores gratuitamente ao Concello, deberá procederse da conta do adxudicatario á retirada dos mesmos e ao arranxo das beirarrúas ou viarios nos que estivesen colocados.

### 3. RESIDUOS A RECOLLER.

Os residuos a recoller nos mini puntos limpos son:

- CDs e DVDs.
- Lámpadas de baixo consumo.
- Pilas.
- Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEES) de pequeno formato.
- Teléfonos móbiles.
- Cartuchos de impresoras.

Queda como opción alternativa calquera outro produto de parecidas dimensións a propoñer polos licitadores e cuxa recollida e posterior reciclaxe sexa viable.

O Concello poderá acordar coa empresa o cambio dalgún destes residuos por outro que considera máis axeitado en función da demanda da cidadanía ou de novas posibilidades de reciclaxe.

### 4. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS MINI PUNTOS LIMPOS.

2

Os mini puntos limpos contarán, cando menos, con sete depósitos independentes para cada un dos residuos. Cada boca de entrada contará cun letreiro descritivo do residuo que recolle.

Estarán fabricados en aceiro de máxima calidade, vidro laminado e depósitos interiores en tubos independentes. Quedarán pechados por portas de vidro de seguridade homologado para o seu uso na vía pública, que permitan a colocación de carteis publicitarios.

O sistema de apertura realizarase mediante chaves, de forma que se impida a súa apertura por persoa non autorizada.

Os mini puntos limpos serán instalados polo adxudicatario, que os deixará listos para o seu uso inmediato.

Non terán unha altura superior aos 2,50 metros, nin unha anchura superior aos 1,50 metros.

### 5. UBICACIÓNS DOS MINIPUNTOS LIMPOS.

Os minipuntos limpos instalaranse nos seguintes emprazamentos:

- Alameda.
- Campo da Feira de Ordes.
- Mesón do Vento.
- Instituto Maruxa Maio.
- IES nº 1.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

O Concello poderá determinar o cambio de emprazamento dos minipuntos limpos, aboando ao adxudicatario os custes convidos en concepto de instalación.

### 6. COBRO Á VECIÑANZA.

Queda terminantemente prohibido, tanto ao contratista como ao persoal da empresa, a percepción de cantidade ningunha da veciñanza pola prestación dos servizos obxecto do contrato.

### 7. GASTOS DE CONTA DO CONTRATISTA.

Serán de conta do contratista todos os gastos derivados da presente contratación, en particular os sinalados nos pregos de cláusulas administrativas particulares e, en concreto, os seguintes:

- A subministración dos mini puntos limpos.
- A súa substitución, no caso de que fora necesario.
- A colocación dos mesmos, así como a súa desinstalación no caso de que non reverteran ao Concello ao remate do contrato.
- A limpeza dos mesmos e o seu mantemento técnico.
- A recollida dos residuos, a clasificación destes e o seu transporte para reciclaxe.
- Os custes de reciclaxe dos residuos.
- Os dos anuncios que xere o procedemento, ben sexa en boletíns oficiais, diarios oficiais ou calquera medio de comunicación, até un máximo de 600,00 €.
- Os impostos, taxas, tributos estatais, autonómicos e municipais que deriven do contrato, así como os que a empresa deba realizar para o cumprimento do contrato.

### 8. TEMPO DE RESPOSTA.

Ante incidencias de carácter relevante, comunicadas polo Concello á adxudicataria, o tempo de resposta non superará as 72 horas.

### 9. PROPIEDAD E RESPONSABILIDADE CIVIL.

Os minipuntos limpos serán propiedade da empresa adxudicataria, que deberá dispor de xeito permanente durante a vixencia do contrato, dun seguro de responsabilidade civil dun mínimo de ate 300.000,00 € para a ocupación de vía pública con mini puntos limpos.

### 10. EXPLOTACIÓN PUBLICITARIA.

A adxudicataria xestionará a publicidade que se poderá expoñer en cada unha das ventás de vidro dos minipuntos limpos, podendo subcontratar a publicidade, garantindo sempre a máxima calidade.

A publicidade a través dos correspondentes anuncios cumprirá, tanto no referente aos contratos publicitarios como aos seus contidos, o que dispón a Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade ou norma que a substitúa, en consecuencia queda totalmente prohibida calquera tipo de publicidade ilícita nos termos establecidos no artigo 3 e concordantes da citada Lei.

Queda expresamente prohibida toda clase de publicidade sobre os produtos do tabaco, segundo establece a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

O Concello non será en caso ningún responsable da publicidade que se insira, nin das multas e/ou sancións que por incumprimento das disposicións vixentes en materia de publicidade puideran producirse, debendo o adxudicatario facerse cargo de todos os custes que, de ser o caso, se lle puidesen imputar ao Concello por esta circunstancia.

### 11. TRATAMENTO DOS RESIDUOS.

O adxudicatario responsabilizarase das operacións de carga dos vehículos que efectúen o transporte dos residuos depositados nos mini puntos limpos e da preparación da documentación requirida polas regulacións existentes.

A retirada dos residuos levarase a cabo, en todo caso, nun horario que interrompa o menos posible a circulación de vehículos e peóns.

Serán de conta do adxudicatario o transporte dos residuos ás instalacións de reciclaxe, transferencia, tratamento ou eliminación, ben polos seus propios medios ben pola empresa que designe para os efectos, asegurándose que conta coas autorizacións necesarias para realizar as ditas operacións.

Así mesmo serán da súa conta, de ser o caso, os custes de tratamento dos mesmos.

Terá dereito á percepción das achegas dos Sistemas Integrais de Xestión, así como, de ser o caso, a percibir calquera compensación económica pola venda a terceiros de residuos depositados nos mini puntos limpos, sempre e cando se cumpra coa normativa vixente en materia de residuos.

### 12. AUTORIZACIÓN PARA O TRANSPORTE DOS RESIDUOS.

A adxudicataria deberá dispoñer, de xeito permanente durante a vixencia do presente contrato, da documentación da autoridade competente que acredite a todos os vehículos utilizados no servizo como vehículos autorizados para o transporte de todos os residuos contemplados no contrato.

4

### 13. INFORMACIÓN A SUBMINISTRAR AO CONCELLO DE ORDES.

Sen prexuízo das facultades de control e inspección que lle corresponden ao Concello, a empresa contratista subministrará, cando menos, a seguinte información:

- Informes periódicos de incidencias (cando menos trimestralmente) co propósito de advertir coa máxima antelación calquera necesidade de cambio de situación dun Minipunto, de darse un caso de vandalismo esaxerado e continuado nunha mesma situación concreta.
- Anualmente deberá presentar no Concello a renovación da póliza de responsabilidade civil.
- Anualmente deberá presentar informes estatísticos referentes ás diferentes cantidades de residuos recollidos, especificando os quilogramos para cada produto por separado.
- Presentará, con carácter anual, unha conta de explotación do servizo no que se inclúa, cando menos, a información seguinte:
  - Custes do servizo (persoal, subministracións, amortizacións,...) o máis detalladamente posible, en particular os custes de amortización dos mini puntos limpos e de transporte e xestión dos residuos.
  - Ingresos do servizo, diferenciando os que se corresponden coa xestión da publicidade dos que se produzan por outras causas (vendas de residuos, Sistemas Integrais de xestión,...).



## **CONCELLO DE ORDES**

---

### **(A CORUÑA)**

Os licitadores, nas súas propostas, poderán mellorar a información a subministrar ao Concello (por exemplo achegas de contratos de publicidade subscritos, maior especificación de cada gasto e ingreso, etc).